




PERSOAS CON AUTISMO

AUTISMO GALICIA

UN MUNDO DE POSIBILIDADES





MAREMAGNUM

AG AUTISMO GALICIA

Nº 12. Ano 2008
Número Ordinario
galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas
ciprianoluis@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez
Enma Cuesta Fernández
Susana Rodríguez Blanco
Estrela Vázquez Allegue
Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Xabier Ron Fernández, M^a do Carme Bugallo Mariño e
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Ilustración portada

Bernardo Tejeda


Edita


AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo
15703 Santiago de Compostela
Tfno. 34 981 589365
Fax 34 981 589344
Móvil: 670 797656
E-mail: info@autismogalicia.org
www.autismogalicia.org
I.S.S.N. 1698-5966
Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Comercial Gráfica Nós. Príncipe, 22 baixo - Vigo





Sumario

5

Editorial

PERSOAS CON AUTISMO. UN MUNDO DE POSIBILIDADES

7

DIA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO

Cipriano Luís Jiménez Casas

15

COGNICIÓN SOCIAL EN HUMANOS

Christopher D. Frith e Uta Frith

37

AUTISMO E VACINAS

Éric Fombonne

51

LECCIÓN DE SÍNDROMES PRÓXIMAS AO AUTISMO

Michelle Zappella

69

CENTRO CASTELLO. UN PROGRAMA EDUCATIVO INTEGRAL


“UN XEITO DIFERENTE DE APRENDER IMPLICA UN XEITO
DIFERENTE DE ENSINAR!!

Edna García de Martínez

75

OS/AS ALUMNOS/AS CON TRASTORNOS XENERALIZADOS DO
DESENVOLVEMENTO. SITUACIÓN EN GALICIA

A. Martínez Díaz, M. Tiemblo Marsal, A. Rodríguez Díaz, Berta Mejjide Rico,
A. V. Gómez Soler, C. L. Jiménez Casas



85




OS SÍMBOLOS NACIONAIS DE EUSKADI, CATALUÑA E GALICIA

Ramón Villares

95

O CONCEPTO DE FRONTEIRA: IDEOLOXÍA E PERFORMANCE NAS
CANTIGAS DE SANTA MARÍA

Xosé Ramón Pena



OS/AS ALUMNOS/AS CON TRASTORNOS XENERALIZADOS DO DESENVOLVEMENTO. SITUACIÓN EN GALICIA*

A. Martínez Díaz¹, M. Tiemblo Marsal², A. Rodríguez Díaz³,
B. Meijide Rico⁴, A. V. Gómez Soler⁵, C. L. Jiménez Casas⁶

RESUMO


Este artigo, non podía ser doutra maneira, está baseado na publicación correspondente á colección: “Orientacións e respostas educativas”, editado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia), que neste caso fai referencia ao: “Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento” (2007).

Como se leva a cabo o proceso de escolarización, dos nenos e nenas con trastornos xeneralizados do desenvolvemento, aparece o suficientemente claro no traballo publicado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Outra cousa é, tal como xa apuntabamos no ano 2003 e no número 7 de Maremagnum, o recoñecemento e validación por parte dos servizos de diagnóstico e orientación das entidades membros da Federación AUTISMO GALICIA, que a día de hoxe, non están o suficientemente dotados, para a realización dunha tarefa, que dadas as dificultades que estes trastorno sen marcadores físicos e neurolóxicos específicos contempla, ademais de ser unha síndrome con notables diferenzas individuais.

* Artigo elaborado polo Equipo Técnico de Educación. Federación Autismo Galicia.

1. Psicóloga do equipo psicopedagóxico. ASPANAES (Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista).
2. Directora xerente. ASPANAES.
3. Profesora de educación especial. Centro Menela-Fundación Menela (Vigo).
4. Profesora de educación especial. Centro Menela-Fundación Menela (Vigo).
5. Director xerente. Federación AUTISMO GALICIA (Santiago de Compostela).
6. Presidente Federación AUTISMO GALICIA. Director *Maremagnum* (Santiago de Compostela).



Os/as alumnos/as con trastornos xeneralizados do desenvolvemento...

Introdución

Abordar a situación actual e as necesidades dos/das nenos/as con “trastornos xeneralizados do desenvolvemento” (TXD), (1) e (2) en Galicia, no ámbito do diagnóstico (*Maremagnum* n.º 7, 2003) e, a escolarización (3) é, un tema importante para a Federación Autismo Galicia. Por outra banda, trátase de dar información das modalidades de escolarización que contempla a nosa comunidade autónoma, así como de valorar a situación actual dos servizos que reciben os nenos e nenas con TXD e as súas familias. Desde o punto de vista educativo interesa máis un diagnóstico de necesidades de apoio que pensar en termos de limitacións ou carencias. A intervención educativa en xeral e no caso concreto dos TXD, terá como finalidade facilitar a satisfacción das necesidades de apoio en cada unha das áreas que potencian a calidade de vida de cada un/unha dos/das nosos/as alumnos/as, independentemente das súas características. O eido educativo non pode permitir basear o traballo, de forma exclusiva, na linguaxe do déficit.


No ano 2007, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia) publica un caderno sobre o: “Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento”, coa finalidade de lles achegar a todas as persoas integrantes da comunidade educativa as características destes trastornos e as súas necesidades especiais específicas. Os autores proporcionan pautas de actuación e información sobre entidades, onde a persoa afectada de TXD e as súas familias poden atopar axuda. Con esta publicación divulgativa tratan de que; “sexamos quen de dar a resposta educativa mais idónea a través dos pertinentes axustes curriculares e organizativos dos centros e de facer reais os principios de calidade e equidade que propugna a Lei de educación”.

Este esforzo da consellería é loable, xa que logo, está ben documentado e baséase na realidade. Outra cousa é que se poñan os recursos necesarios, o que implicaría, unha vez máis, que todo quede como unha declaración de boas intencións. A nivel da Federación AUTISMO GALICIA, e dende o punto de vista educativo, máis que a definición do trastorno, o importante é a comprensión deste, así como a avaliación das necesidades de apoio que cada un/unha dos/das alumnos/as escolarizados presenten.

As necesidades educativas do alumnado afectado por un TXD, están referidas fundamentalmente a fomentar competencias e adestramentos sociais, fomentar habilidades comunicativas (SSAACS) e acadar condutas de adaptación axeitadas.

O desenvolvemento cognitivo, incremento da autonomía e autodeterminación persoal, así como, o fomento das habilidades de adaptación, é un labor que precisa de orientacións e respostas educativas axeitadas, e neste caso adaptadas ás necesidades de cada unha das persoas que padecen estes trastornos.

En Galicia os centros educativos, tratan de cubrir unha demanda ampla e variada de alumnos/as con TXD, que vai desde centros ordinarios, centros



de educación especial, centros de educación especial específico, escolarización combinada entre centro ordinario e específico, escolarización en centros ordinarios onde haxa habilitada pola Administración educativa unha aula específica e centros ordinarios de escolarización preferente.

Os obxectivos e estratexias da intervención educativa, ademais da concreción e adaptación do currículo, interesan a organización e funcionamento dos centros, as formas de relación e convivencia dos membros da comunidade educativa así como, as actividades complementarias e extra escolares. Tendo en conta a heteroxeneidade do alumnado con TXD, o grao de participación nas actividades curriculares tamén vai ser diverso.


Os procedementos de ensinanza, deben cumprir toda unha serie de características derivadas da comprensión do trastorno como:

- Emprego de apoios visuais en calquera proceso de ensinanza.
- Asegurar un ambiente estable e predicible, evitando cambios inesperados.
- Favorecer a xeneralización das aprendizaxes.
- Asegurar pautas de aprendizaxe sen erro.
- Descompoñer as tarefas en pasos máis simples e progresivos.
- Ofrecer oportunidades de facer eleccións.
- Ensinar de maneira explícita habilidades e competencias que polo xeral adoitan requirir unha ensinanza formal e estruturada.
- Darlles prioridade aos obxectivos relacionados cos trazos nucleares do TXD.
- Incluír os seus temas de interese para motivar a aprendizaxe de novos contidos.
- Prestarlles atención aos indicadores emocionais, e intentar prever posibles alteracións do ánimo.
- Evitar na medida do posible, a crítica e o castigo e substituílos polo reforzo positivo, sedutor e premio.

Avaliación e diagnóstico dos TXD

A avaliación e o diagnóstico das persoas con TXD (4) constitúen o primeiro paso importante para conseguir que de forma obxectiva poidamos intervir adecuadamente establecendo así os apoios e axudas necesarias.

O diagnóstico do autismo é moi delicado de levar a cabo xa que é un trastorno sen marcadores físicos e neurolóxicos específicos ademais de ser unha síndrome con tantas diferenzas individuais que non existe un patrón típico de evolución clínica.



Os/as alumnos/as con trastornos xeneralizados do desenvolvemento...

Os percorridos habituais que levan a cabo as familias das persoas con trastornos do espectro autista para conseguir un diagnóstico adecuado, pasan por acudir a un pediatra, que se non atopan un atraso psicomotor, cando o neno comeza a ter 2-3 anos adoitan remitirlos aos especialistas dos centros de saúde da zona, para que realicen un estudo dos problemas que presentan (ás veces derívanos a otorrinos ou foniatras), ou son remitidos aos servizos de **Atención Temperá** concertados co Sergas para diagnóstico e atención.


Cando se descartan aparentes causas físicas oriéntanse aos servizos de Paidopsiquiatría dos hospitais xerais. Estes servizos, ante a sospeita dun cadro de TXD, solicítanlles ás entidades específicas de educación especial, para ratificar o diagnóstico e orientar a modalidade de escolarización ou ao EVO. Todas as entidades destacan que, actualmente lles chegan os nenos cun diagnóstico de “sospeita de TXD” a idades moito máis temperás (2-4 años) que hai 5 anos.

Algúns nenos e nenas, son remitidos polos profesores das escolas infantís, polos orientadores dos centros, equipos de orientación específicos provinciais, polas unidades de saúde mental infanto-xuvenil ou pola Inspección Educativa.

Proceso de escolarización dos TXD

En relación co “proceso de escolarización”, os pasos que se deben seguir son:

- a) Solicitud de praza por parte da familia ao centro escolar correspondente, para o que pode acollerse á orde de admisión.
- b) Información da dirección do centro á familia do proceso que se vai seguir e comunicación ao Departamento de Orientación da necesidade de avaliación.
- c) Informe posterior do Departamento de Orientación escolar do centro para determinar as necesidades educativas específicas que presenta o/a neno/a e o seu nivel de competencias,
- d) O Departamento de Orientación elaborará un ditame de escolarización que contemple:
 - d-1) necesidades educativas detectadas,
 - d-2) recursos necesarios para dar unha resposta educativa de calidade,
 - d-3) orientacións psicopedagoxías axeitadas para o caso,
 - d-4) proposta razoada de escolarización onde se explícita a modalidade e,
 - d-5) documento asinado pola familia de conformidade ou desconformidade coa proposta.
- e) A dirección do centro envíalle esta proposta á Inspección Educativa,



- f) A Inspección Educativa envíalle este ditame, xunto co seu informe, á delegación provincial de Educación e
- g) A delegación provincial de Educación resolve notificándollo ao centro o cal, á súa vez informará a familia.

Os equipos de orientación específicos provinciais, poderán intervir neste proceso de valoración e toma de decisións educativas sempre e cando fose ou se considerase necesario, dentro do ámbito das súas competencias.

Modalidades e procedementos de escolarización

A persoa con autismo ten as mesmas necesidades e dereitos que o resto dos cidadáns e todas teñen posibilidades reais de desenvolvemento e avance se lles proporcionamos os apoios adecuados.

A calidade de vida das persoas con autismo vai máis alá de cubrir as súas necesidades básicas; é necesario promover a súa integración e participación na comunidade. O futuro destas persoas, depende máis da intensidade e modalidades de apoio que reciban (accesibilidade ambiental e psicolóxica: predictibilidade, descifrabilidade, servizos especializados, estruturación...) que da severidade da súa discapacidade inicial.

Se partimos das capacidades persoais e consideramos que o límite debe estar nas posibilidades de cada persoa, os programas e centros deben concibirse como unha formulación aberta e flexible, para o que se fai necesario contemplar unhas condicións mínimas referidas a apoios, ratio, especificidade etc. co obxectivo de poder asegurar que a nosa resposta sexa o máis individualizada posible.


Agora ben, a **atención escolar** que requiren os/as alumnos/as con autismo, debe contemplar e promover tamén diferentes modalidades de escolarización que lle permitan á persoa enriquecerse e gozar das vantaxes dun contorno ordinario menos restritivo.

Na actualidade dispoñemos das seguintes opcións de escolarización:

1. **Escolarización en centros ordinarios:** a nosa lexislación contempla a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais nos centros ordinarios. Para levala a cabo é necesario propor as oportunas adaptacións e medidas, tanto de tipo organizativo, como de apoio e de recursos humanos e materiais.

2. **Escolarización en centros de educación especial:** este tipo de escolarización está dirixido a alumnos/as con necesidades educativas especiais graves e permanentes e que non poden ser cubertas nos centros ordinarios.

3. **Escolarización en centros de educación especial específicos:** para atención exclusiva de alumnos/as cun diagnóstico de TXD.



Os/as alumnos/as con trastornos xeneralizados do desenvolvemento...

4. **Escolarización combinada entre centro ordinario e específico:** o alumnado asiste parte da semana ao centro específico e a restante ao centro ordinario, e deste xeito benefíciase das vantaxes que lle poidan achegar ambas as dúas modalidades.

5. **Escolarización en centros ordinarios onde haxa habilitada pola Administración educativa unha aula específica:** esta posibilidade educativa ofrécelle ao alumnado a modalidade de educación especial, que estará suxeita ás mesmas condicións e procedementos ca nos centros específicos, pero aproveitando ao mesmo tempo a situación dentro dun contorno ordinario, que facilita a integración da persoa afectada e a súa participación nalgunhas actividades do centro.


6. **Centros ordinarios de escolarización preferente:** son os que están dotados e equipados para dar unha resposta educativa axustada ás necesidades deste alumnado, quen, polo tanto, terá preferencia para ser escolarizado neles. Correspóndelle a Administración educativa a asignación a estes centros.

Situación educativa dos/das alumnos/as con TXD en centros de educación ordinarios

As necesidades detectadas nos centros ordinarios na atención educativa que lles ofrecen aos/ás alumnos/as con TXD, permítenos identificar as seguintes necesidades:

Necesidades detectadas na organización:

- Necesidade nas escolas dun “currículo funcional”, con aprendizaxes que poidan ser utilizadas sempre que as circunstancias o precisen ou esixan na escola ou fóra dela. A escola debe formar para as posibilidades de vida, lecer, vivenda, vida laboral que existan na comunidade, polo tanto, avaliar que habilidades específicas necesitan saber e organizar as aprendizaxes dos/das alumnos/as en relación con estas.
- Necesidade dun compromiso legislativo para a implantación de novas modalidades de integración educativa, como “aulas estables” para alumnos/as con TXD asesoradas por especialistas en este trastorno, e aulas levadas polo persoal dun centro privado (modelo de Mallorca).
- Necesidade de coidar ao máximo a intervención educativa na etapa de 0-3 anos e infantil de 3-6 anos (segundo ciclo de educación infantil). Potenciar un maior desenvolvemento legislativo da escolarización de 0-3 anos.
- Darlles apoio concreto aos “centros de educación especial específicos” para a supervisión das persoas con TXD nos centros ordinarios (centros de educación especial específicos como centros de recursos).
- Contar cun profesorado ben formado e especializado.



- Estabilidade do profesorado.
- Tratar que todos os espazos educativos sexan significativos de aprendizaxes e que se contemplen como docencia os tempos de recreo, comedor...

Necesidades do alumnado e das familias

- Currículo ben adaptado (ACI) cunha boa comprensión das súas necesidades, recortar contidos, e darlle prioridade á funcionalidade das aprendizaxes da comunicación e desenvolvemento social.
- Programas preventivos de problemas de conduta.
- Potenciación dos recursos extraescolares de lecer adaptados ás súas necesidades.
- Ofertar servizos de apoio ás familias.

Necesidades do profesorado


- É fundamental que todo o sistema educativo adopte unha actitude de compromiso para apoiar a integración.
- Faise necesaria a información sobre os TXD e a formación dos diferentes profesionais dos centros ordinarios.
- Reforzar o asesoramento especializado por parte do “equipo específico” dun centro de recursos doutro persoal especializado.
- Habilitación de unidades específicas para alumnos con TEA en centros ordinarios, solicitadas por un centro privado concertado.
- Enfocar o proxecto educativo como “proxecto de vida” da persoa que sirva de guía para toda a súa formación.
- Realizar plans de avaliación de cara aos procesos de integración das persoas con TEA.

Situación educativa dos/das alumnos/as con TXD en centros de educación especial

As necesidades referidas aos centros de educación especial serían as seguintes:

Necesidades detectadas na organización

- Situar a ratio de alumnos con TEA como máximo en 1/3.
- Incrementar a dotación de recursos persoais e materiais. Destacar neste punto a equiparación, por parte da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do módulo dos/das alumnos/as con autismo o correspondente a plurideficientes, tal como aparece publicado no DOG e BOE.
- Ofrecerlles servizos e recursos auxiliares ás familias.



Os/as alumnos/as con trastornos xeneralizados do desenvolvemento...

- Mellorar e facilitar a coordinación do CEE con outros centros e recursos do seu contorno.
- Preparar os alumnos con TEA e facilitarlles o seu paso á vida adulta.
- Potenciar a vinculación dos CEE, como centros de recursos educativos abertos aos profesionais dos centros educativos do sector.
- Reconversión dalgúns centros públicos xeneralistas de educación especial en “centros preferentes” para alumnos con TEA.
- Creación e posta en marcha da sección de FP e dos programas de garantía social na modalidade de educación especial.
- Potenciar programas de integración do CEE con C. ordinarios.

Necesidade do alumnado e das familias

- Ofrecerlles servizos e recursos auxiliares ás familias.
- Currículo adaptado e funcional.

Necesidades do profesorado

- Formación específica para o profesorado.
- Preparar os/as alumnos/as con TEA e facilitarlles o seu paso á vida adulta.


Situación educativa dos/das alumnos/as con TXD en centros de educación especial específicos.

É significativo que en Galicia ofrecen esta modalidade só os centros concertados coa Consellería de Educación e, son precisamente neles onde se atopan a gran maioría dos/das alumnos/as con autismo.

Nos centros concertados especializados na educación de alumnos con TEA xorden unha serie de prioridades:

Necesidades detectadas na organización

- Apoio con concertos económicos a creación de novas unidades, dada a valoración positiva por parte das familias destes centros.
- Situar a ratio de alumnos por debaixo do límite establecido: 3/1 como máximo.
- Incrementar a dotación de recursos persoais e materiais.
- Apoiar servizos e recursos orientados ás familias.
- Establecer convenios que recollan o centro específico como centro de recursos e orientación, dentro do seu ámbito territorial.
- Habilitar, por parte das entidades privadas sen ánimo de lucro, de aulas



- estables de alumnos con TEA, en colexios ordinarios (públicos ou privados) do seu contorno educativo.
- Prolongar a educación á idade adulta nos centros de día e residenciais. Tomar en consideración e financiar a formación permanente de adultos.
 - Infraestruturas pobres e limitadas en comparación cos centros públicos.
 - Admítense alumnos/as en base ao diagnóstico e non ás necesidades de apoio.
 - Non son centros sectorizados.

Necesidades do alumnado e das familias

- Apoiar servizos e recursos orientados ás familias.
- Ratio demasiado alta. Conseguir a ratio de 3/1. Non existen relacións con outros/as alumnos/as con discapacidade pero con mellores competencias sociais e comunicativas.
- Non existen relacións con iguais sen discapacidade.

Necesidades do profesorado

- Non está previsto o desgaste profesional.
- Financiamento da formación continua do profesorado.
- Considerar como persoal complementario o persoal de servizos, como cociñeiras, xardineiro, limpadoras, por traballar en contornos significativos de aprendizaxe para os/as nenos/as.

Conclusiones


A persoa con TXD segue un traxecto diferente no seu desenvolvemento e, a súa educación beneficiaríase dunha mellor reorientación.

Os métodos de ensinanza e aprendizaxe deben ser diferentes dos utilizados con outros nenos e nenas que teñen un tipo de desenvolvemento máis estandarizado. Polo tanto, é preciso, adaptalos a cada un dos nenos e nenas con TXD.

Pensar nos efectos que sobre o desenvolvemento das persoas teñen as súas fortalezas e debilidades, poderían servir de base saudable e sólida para mellorar as programacións educativas, xeralmente desenvolvidas nas escolas.

Implantar, legislar e financiar a atención educativa na etapa adulta parécenos un obxectivo prioritario e primordial. Para a Federación Autismo Galicia, que a Administración pública non contemple unha educación permanente na idade adulta é, unha discriminación que repercute de forma negativa no seu desenvolvemento como persoa e, polo tanto, na súa calidade de vida.




Legislar, potenciar e aplicar o financiamento necesario nesta etapa das súas vidas consideramos que é un obxectivo fundamental.



Os/as alumnos/as con trastornos xeneralizados do desenvolvemento...

Bibliografía

- (1) JIMÉNEZ CASAS, C.L. (2000). Para unha nova visión do autismo. En *Maremagnum*, 5; 11-18.
- (2) MUÑOZ YUNTA, J.A. (2007). Autismos. A súa clasificación. O autismo secundario. En *Maremagnum*, 11; 65-78.
- (3) XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. (2007). *Orientacións e respostas educativas. Alumnado con Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento*. Santiago de Compostela.
- (4) JIMÉNEZ CASAS, C.L., et al. (2003). Proxecto para o recoñecemento e validación dos servizos de diagnóstico e orientación das asociacións membros de Autismo Galicia. En *Maremagnum*, 7; 39-50.



LOS ALUMNOS/AS CON TRASTORNOS GENERALIZADOS DEL DESARROLLO. SITUACIÓN EN GALICIA *

A. Martínez Díaz¹, M. Tiemblo Marsal², A. Rodríguez Díaz³,
B. Meijide Rico⁴, A. V. Gómez Soler⁵, C. L. Jiménez Casas⁶


RESUMEN

Este artículo, no podía ser de otra manera, está basado en la publicación correspondiente a la colección: "Orientación e respostas educativas", editado por la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia), que en este caso hace referencia al "Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento" (2007). Cómo se lleva a cabo el proceso de escolarización, de los niños y niñas con trastornos generalizados del desarrollo, aparece lo suficientemente claro en el trabajo publicado por la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria.

Otra cosa es, tal como ya apuntábamos en el año 2003 y en el número 7 de Maremagnum, el reconocimiento y validación por parte de los servicios de diagnóstico y orientación de las entidades miembros de la Federación Autismo Galicia que, a día de hoy, no están lo suficientemente dotados para la realización de una tarea, dadas las dificultades que estos trastornos, sin marcadores físicos y neurológicos específicos, contempla; además de ser un síndrome con notables diferencias individuales.

* Artículo elaborado por el Equipo Técnico de Educación. Federación AUTISMO GALICIA.

1. Psicóloga del Equipo Psicopedagógico. ASPANAES (Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista).
2. Directora Gerente. ASPANAES.
3. Profesora de Educación Especial. Centro Menela-Fundación Menela (Vigo).
4. Profesora de Educación Especial. Centro Menela-Fundación Menela (Vigo).
5. Director Gerente. Federación AUTISMO GALICIA (Santiago de Compostela).
6. Presidente Federación AUTISMO GALICIA (Santiago de Compostela).



Los/as alumnos/as con trastornos generalizados del desarrollo...

Introducción


Abordar la situación actual y las necesidades de los niños/as con “trastornos generalizados del desarrollo (TXD),” (1) y (2) en Galicia, en el ámbito de diagnóstico (Maremagnum nº 7, 2003) y, la escolarización (3) es un tema importante para la Federación Autismo Galicia. Por otro lado, se trata de dar información de las modalidades de escolarización que contempla nuestra Comunidad Autónoma, así como de valorar la situación actual de los servicios que reciben los niños y niñas con TGD y sus familias. Desde el punto de vista educativo interesa más un diagnóstico de necesidades de apoyo que pensar en términos de limitaciones o carencias. La intervención educativa, en general y en el caso concreto de los TGD, tendrá como finalidad facilitar la satisfacción de las necesidades de apoyo en cada una de las áreas que potencian la calidad de vida de cada uno de nuestros alumnos/as, independientemente de sus características. El campo educativo no puede permitir basar el trabajo, de forma exclusiva, en la lengua del déficit.

En el año 2007, la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia) publica un cuaderno sobre el: “Alumnado con trastornos generalizados del desarrollo”, con la finalidad de acercar a todas las personas integrantes de la comunidad educativa las características de estos trastornos y sus necesidades especiales específicas. Los autores proporcionan pautas de actuación e información sobre entidades, donde la persona afectada de TGD y sus familias pueden encontrar ayuda. Con esta publicación divulgativa tratan de que; “seamos capaces de dar la respuesta educativa más idónea a través de los pertinentes ajustes curriculares y organizativos de los centros y de hacer reales los principios de calidad y equidad que propugna la Ley de educación”.

Este esfuerzo de la Consellería es loable, porque está bien documentado y se basa en la realidad. Otra cosa es que se pongan los recursos necesarios, lo que implicaría, una vez más, que todo quede como una declaración de buenas intenciones. A nivel de la Federación AUTISMO GALICIA, y desde el punto de vista educativo, más que la definición del trastorno lo importante es la comprensión del mismo, así como la evaluación de las necesidades de apoyo que cada uno de los alumnos/as escolarizados presenten.

Las necesidades educativas del alumnado afectado por un TGD están referidas fundamentalmente a fomentar competencias y entrenamientos sociales, fomentar habilidades comunicativas (SSAACS) y conseguir conductas de adaptación idóneas.

El desarrollo cognitivo, incremento de la autonomía y autodeterminación personal, así como el fomento de las habilidades de adaptación es una labor que precisa de orientaciones y respuestas educativas idóneas, y en este caso adaptadas a las necesidades de cada una de las personas que padecen estos trastornos.



En Galicia, los centros educativos tratan de cubrir una demanda amplia y variada de alumnos/as con TGD, que va desde centros ordinarios, centros de educación especial, centros de educación especial específicos, escolarización combinada entre centro ordinario y específico, escolarización en centros ordinarios donde haya habilitada por la administración educativa un aula específica y centros ordinarios de escolarización preferente.

Los objetivos y estrategias de la intervención educativa, además de la concreción y adaptación del currículum, interesan la organización y funcionamiento de los centros, las formas de relación y convivencia de los miembros de la comunidad educativa, así como las actividades complementarias y extra escolares. Teniendo en cuenta la heterogeneidad del alumnado con TGD, el grado de participación en las actividades curriculares también va a ser diverso.

Los procedimientos de enseñanza deben cumplir toda una serie de características derivadas de la comprensión del trastorno como:

- Empleo de apoyos visuales en cualquier proceso de enseñanza.
- Asegurar un ambiente estable y predecible, evitando cambios inesperados.
- Favorecer la generalización de los aprendizajes.
- Asegurar pautas de aprendizaje sin error.
- Descomponer las tareas en pasos más simples y progresivos.
- Ofrecer oportunidades de hacer elecciones.
- Enseñar de manera explícita habilidades y competencias que, por lo general, suelen requerir una enseñanza formal y estructurada.
- Dar prioridad a los objetivos relacionados con los rasgos nucleares del TGD.
- Incluir sus temas de interés para motivar el aprendizaje de nuevos contenidos.
- Prestar atención a los indicadores emocionales, intentando prevenir posibles alteraciones de ánimo
- Evitar, en la medida de lo posible, la crítica y el castigo, y sustituirlos por el refuerzo positivo, seductor y premio.

Evaluación y diagnóstico de los TGD

La Evaluación y el Diagnóstico de las personas con TGD (4) constituyen el primer paso importante para conseguir que de forma objetiva podamos intervenir adecuadamente estableciendo así los apoyos y ayudas necesarias.

El diagnóstico del Autismo es muy delicado de llevar a cabo, ya que es un trastorno sin marcadores físicos y neurológicos específicos, además de ser un síndrome con tantas diferencias individuales que no existe un patrón típico de evolución clínica.

Los/as alumnos/as con trastornos generalizados del desarrollo...

Los recorridos habituales que llevan a cabo las familias de las personas con Trastornos del Espectro Autista, para conseguir un diagnóstico adecuado, pasan por acudir a un pediatra, que si no encuentra un retraso psicomotor cuando el niño/a comienza a tener 2-3 años suele remitirlo a los especialistas de los centros de salud de la zona, para que realicen un estudio de los problemas que presenta (a veces lo deriva a otorrinos o foniatras), o es remitido a los servicios de **Atención Temprana** concertados con el SERGAS para diagnóstico y atención.

Cuando se descartan aparentes causas físicas se orientan a los Servicios de Paidopsiquiatría de los Hospitales Generales. Estos servicios, ante la sospecha de un cuadro de TGD, solicitan a las Entidades Específicas de Educación Especial o a los EVO ratificar el diagnóstico y orientar sobre la modalidad de escolarización. Todas las Entidades destacan que, actualmente, les llegan los niños con un diagnóstico de “sospecha de TGD” a edades mucho más tempranas (2-4 años) que hace 5 años.

Algunos niños y niñas son remitidos por los profesores de las escuelas infantiles, por los orientadores de los centros, Equipos de Orientación Específicos provinciales, por las Unidades de salud mental infanto-juvenil o por la Inspección Educativa.

Proceso de escolarización de los TGD

En relación al “proceso de escolarización”, los pasos a seguir son:

- a) solicitud de plaza por parte de la familia o centro escolar correspondiente, para lo que puede acogerse a la orden de admisión,
- b) información de la dirección del centro a la familia del proceso a seguir, y comunicación al Departamento de Orientación de la necesidad de evaluación,
- c) informe posterior del Departamento de Orientación escolar del centro para determinar las necesidades educativas específicas que presenta el niño/a y su nivel de competencias,
- d) el Departamento de Orientación elaborará un dictamen de escolarización que contemple:
 - d-1) necesidades educativas detectadas,
 - d-2) recursos necesarios para dar una respuesta educativa de calidad,
 - d-3) orientaciones psicopedagógicas idóneas para el caso,
 - d-4) propuesta razonada de escolarización explicitando la modalidad y,
 - d-5) documento firmado por la familia de conformidad o disconformidad con la propuesta.
- e) la dirección del centro envía esta propuesta a la Inspección Educativa,

- f) la Inspección Educativa envía este dictamen, junto con su informe, a la Delegación Provincial de Educación y,
- g) la Delegación Provincial de Educación resuelve notificándoselo al centro, el cual, a su vez, informará a la familia.

Los equipos de orientación específicos provinciales podrán intervenir, en este proceso de valoración y toma de decisiones educativas, siempre y cuando fuese o se considerase necesario dentro del ámbito de sus competencias.

Modalidades y procedimientos de escolarización

La persona con autismo tiene las mismas necesidades y derechos que el resto de los ciudadanos y todas tienen posibilidades reales de desarrollo y avance si se les proporcionan los apoyos adecuados.

La Calidad de Vida de las personas con Autismo va más allá de cubrir sus necesidades básicas, es necesario promover su integración y participación en la comunidad. El futuro de estas personas depende más de la intensidad y modalidades de apoyo que reciban (accesibilidad ambiental y psicológica: predictibilidad, descifrabilidad, servicios especializados, estructuración...) que de la severidad de su discapacidad inicial.

Si partimos de las capacidades personales y consideramos que el límite debe estar en las posibilidades de cada persona, los programas y centros deben concebirse como una formulación abierta y flexible, para lo que se hace necesario contemplar unas condiciones mínimas referidas a apoyos, ratio, especificidad, etc. con el objetivo de poder asegurar que nuestra respuesta sea lo más individualizada posible.

Ahora bien, la **atención escolar**, que requieren los alumnos/as con autismo, debe contemplar y promover también diferentes modalidades de escolarización que permitan a la persona enriquecerse y disfrutar de las ventajas de un entorno ordinario menos restrictivo.

En la actualidad disponemos de las siguientes opciones de escolarización:

1.- **Escolarización en centros ordinarios:** nuestra legislación contempla la escolarización del alumnado con necesidades educativas especiales en los centros ordinarios. Para llevarla a cabo es necesario proponer las oportunas adaptaciones y medidas, tanto de tipo organizativo como de apoyo, y de recursos humanos y materiales.

2.- **Escolarización en centros de educación especial:** este tipo de escolarización está dirigido a alumnos/as con necesidades educativas especiales graves y permanentes, y que no pueden ser cubiertas en los centros ordinarios.

3.- **Escolarización en centros de educación especial específicos:** para atención exclusiva de alumnos/as con un diagnóstico de TGD.

Los/as alumnos/as con trastornos generalizados del desarrollo...

4.- **Escolarización combinada entre centro ordinario y específico:** el alumnado asiste parte de la semana al centro específico y la restante al centro ordinario, beneficiándose de este modo de las ventajas que le puedan proporcionar ambas modalidades.

5.- **Escolarización en centros ordinarios donde haya habilitada por la administración educativa un aula específica:** esta posibilidad educativa le ofrece al alumnado la modalidad de educación especial, que estará sujeta a las mismas condiciones y procedimientos que en los centros específicos, pero aprovechando al mismo tiempo la situación dentro de un entorno ordinario, que facilita la integración de la persona afectada y su participación en algunas actividades del centro.

6.- **Centros ordinarios de escolarización preferente:** son los que están dotados y equipados para dar una respuesta educativa ajustada a las necesidades de este alumnado, quien, por lo tanto, tendrá preferencia para ser escolarizado en ellos. Le corresponde a la Administración educativa la asignación a estos centros.

Situación educativa de los alumnos/as con TGD en Centros de Educación Ordinarios

Las necesidades detectadas en los Centros Ordinarios, en la atención educativa que ofrecen a los alumnos/as con TGD, nos permiten identificar las siguientes necesidades:

Necesidades detectadas en la organización:

- Necesidad en las escuelas de un “currículum funcional”, con aprendizajes que puedan ser utilizados siempre que las circunstancias lo precisen o exijan en la escuela o fuera de ella. La escuela debe formar para las posibilidades de vida, ocio, vivienda, vida laboral que existan en la comunidad, por lo tanto evaluar que habilidades específicas necesitan saber y organizar los aprendizajes de los alumnos/as en relación a éstas.
- Necesidad de un compromiso legislativo para la implantación de nuevas modalidades de integración educativa como “aulas estables” para alumnos/as con TGD, asesoradas por especialistas en estos trastornos, y aulas llevadas por el personal de un centro privado (modelo de Mallorca).
- Necesidad de cuidar al máximo la intervención educativa en la etapa de 0-3 años e infantil de 3-6 años (segundo ciclo de educación infantil). Potenciar un mayor desarrollo legislativo de la escolarización de 0-3 años.
- Dar apoyo concreto a los “centros de educación especial específicos” para la supervisión de las personas con TGD en los centros ordinarios (Centros de educación especial específicos como centros de recursos).

- Contar con un profesorado bien formado y especializado.
- Estabilidad del profesorado.
- Tratar que todos los espacios educativos sean significativos de aprendizajes y que se contemplen como docencia los tiempos de recreo, comedor...

Necesidades del alumnado y de las familias

- Currículum bien adaptado (ACI), con una buena comprensión de sus necesidades, recortar contenidos, dando prioridad a la funcionalidad de los aprendizajes de la comunicación y desarrollo social.
- Programas preventivos de problemas de conducta.
- Potenciación de los recursos extra escolares de ocio adaptados a sus necesidades.
- Ofertar servicios de apoyo a las familias.

Necesidades del profesorado


- Es fundamental que todo el sistema educativo adopte una actitud de compromiso para apoyar la integración.
- Se hace necesaria la información sobre los TGD y la formación de los diferentes profesionales de los centros ordinarios.
- Reforzar el asesoramiento especializado por parte del “equipo específico” de un centro de recursos de otro personal especializado.
- Habilitación de unidades específicas para alumnos con TEA en centros ordinarios, solicitadas por un centro privado concertado.
- Enfocar el proyecto educativo como “proyecto de vida” de la persona que sirva de guía para toda su formación.
- Realizar planes de evaluación para los procesos de integración de las personas con TEA.

Situación educativa de los alumnos/as con TGD en Centros de Educación Especial

Las necesidades referidas a los Centros de Educación Especial serían las siguientes:

Necesidades detectadas en la organización

- Situar la ratio de alumnos/as con TEA como máximo en 1/3.
- Incrementar la dotación de recursos personales y materiales. Destacar en este punto la equiparación, por parte de la Consellería de Educación



Los/as alumnos/as con trastornos generalizados del desarrollo...

- y Ordenación Universitaria, del módulo de los alumnos/as con Autismo al correspondiente a plurideficientes, tal como aparece publicado en el DOG y BOE.
- Ofrecer servicios y recursos auxiliares a las familias.
 - Mejorar y facilitar la coordinación del CEE con otros centros y recursos de su entorno.
 - Preparar y facilitar a los alumnos con TEA su paso a la vida adulta.
 - Potenciar la vinculación de los CEE como centros de recursos educativos abiertos a los profesionales de los centros educativos del sector.
 - Reconversión de algunos centros públicos generalistas de Educación Especial en “centros preferentes” para alumnos con TEA.
 - Creación y puesta en marcha de la sección de FP y de los programas de garantía social en la modalidad de Educación Especial.
 - Potenciar programas de integración del CEE con C. Ordinarios.

Necesidad del alumnado y de las familias

- Ofrecer servicios y recursos auxiliares a las familias.
- Currículum adaptado y funcional.

Necesidades del profesorado

- Formación específica para el profesorado.
- Preparar y facilitar a los alumnos/as con TEA su paso a la vida adulta.


Situación educativa de los alumnos/as con TGD en Centros de Educación Especial Específicos

Es significativo que en Galicia ofrecen esta modalidad sólo los centros concertados con la Consellería de Educación y son precisamente en ellos donde se encuentran la gran mayoría de los alumnos/as con Autismo.

En los Centros concertados especializados en la educación de alumnos/as con TEA surgen una serie de prioridades:

Necesidades detectadas en la organización

- Apoyo con conciertos económicos a la creación de nuevas unidades, dada la valoración positiva por parte de las familias de estos centros.
- Situar la ratio de alumnos/as por debajo del límite establecido: 3/1 como máximo.
- Incrementar la dotación de recursos personales y materiales.
- Apoyar servicios y recursos orientados a las familias.



Varios autores

- Establecer convenios que recojan el centro específico como centro de recursos y orientación, dentro de su ámbito territorial.
- Habilitar, por parte de las entidades privadas sin ánimo de lucro, de aulas estables de alumnos/as con TEA, en colegios ordinarios (públicos o privados) de su entorno educativo.
- Prolongar la educación a la edad adulta en los Centros de Día y Residenciales. Tomar en consideración y financiar la formación permanente de adultos.
- Infraestructuras pobres y limitadas en comparación con los centros públicos.
- Se admiten alumnos/as en base al diagnóstico y no a las necesidades de apoyo.
- No son centros sectorizados.

Necesidades del alumnado y de las familias

- Apoyar servicios y recursos orientados a las familias
- Ratio demasiado alta. Conseguir la ratio de 3/1. No existen relaciones con otros alumnos/as con discapacidad pero con mejores competencias sociales y comunicativas.
- No existen relaciones con iguales sin discapacidad.

Necesidades del profesorado

- No está previsto el desgaste profesional.
- Financiación de la formación continua del profesorado.
- Considerar como personal complementario al personal de servicios, como cocineras, jardineros, limpiadoras, por trabajar en entornos significativos de aprendizaje para los niños/as.


Conclusiones

La persona con TGD sigue un trayecto diferente en su desarrollo y su educación se beneficiaría de una mejor reorientación.

Los métodos de enseñanza y aprendizaje deben ser diferentes de los empleados con otros niños y niñas que tienen un tipo de desarrollo más estandarizado. Por lo tanto, es preciso adaptarlos a cada uno de los niños y niñas con TGD.

Pensar en los efectos que sobre el desarrollo de las personas tienen sus fortalezas y debilidades podría servir de base saludable y sólida para mejorar las programaciones educativas, generalmente desarrolladas en las escuelas.

Implantar, legislar y financiar la atención educativa en la etapa adulta






Los/as alumnos/as con trastornos generalizados del desarrollo...

nos parece un objetivo prioritario y primordial. Para la Federación AUTISMO GALICIA que la Administración Pública no contemple una educación permanente en la edad adulta es una discriminación, que repercute de forma negativa en su desarrollo como persona y, por lo tanto, en su calidad de vida.

Legislar, potenciar y aplicar la financiación necesaria en esta etapa de sus vidas consideramos que es un objetivo fundamental.

Bibliografía

- (1) JIMÉNEZ CASAS, C.L. (2000). Para unha nova visión do autismo. En *Maremagnum*, 5; 11-18.
- (2) MUÑOZ YUNTA, J.A. (2007). Autismos. A súa clasificación. O autismo secundario. En *Maremagnum*, 11; 65-78.
- (3) XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. (2007). *Orientacións e respostas educativas. Alumnado con Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento*. Santiago de Compostela.
- (4) JIMÉNEZ CASAS, C.L., et al. (2003). Proxecto para o recoñecemento e validación dos servizos de diagnóstico e orientación das asociacións membros de Autismo Galicia. En *Maremagnum*, 7; 39-50.



MEMBROS DE AUTISMO GALICIA

APACA

Asociación de Pais de Autistas e Psicóticos
da Comarca de Arousa
✉ Rúa Moreira, nº 29
36613 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
☎ 986 501 548
E-mail: a.apaca@wanadoo.es

APACAF

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno
do Espectro Autista do Centro de Apoio
Familiar "A Braña"
✉ Rúa Pracer, nº 5-3º B
36202 Vigo (Pontevedra)
☎ 986 226 647
E-mail: info@apacaf.org
www.apacaf.org

APA MECOS

Asociación de Pais de Persoas con Autismo
"Os Mecos"
✉ Rúa Xistro nº 28 - Coiro
36947 Cangas do Morrazo (Pontevedra)
☎ 986 304 626
E-mail: apamecos@yahoo.es

A.S.P.A.N.A.E.S.

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno
do Espectro Autista T.E.A. da Provincia
da Coruña
✉ Rúa Camiño da Igrexa, nº 40 - baixo
15009 A Coruña
☎ 981 130 044
☎ 981 130 787
E-mail: administración@aspanaes.org
www.aspanaes.org

AUTISMO OURENSE

Asociación Autismo Ourense
✉ Rúa Alférez Provisional, nº 2 entrechán
32003 Ourense
☎/☎ 988 219 389
E-mail: info@autismoourense.org
www.autismoourense.org

AUTISMO VIGO

Asociación Autismo Vigo
✉ Rúa García Barbón, nº 108-1º B
36201 Vigo (Pontevedra)
☎ 986 437 263
☎ 986 228 528
E-mail: info@autismovigo.org
www.autismovigo.org

APA CASTRO NAVÁS

Asociación de Pais do Centro "Castro Navás"
✉ Rúa Navás, nº 11-Priegue
36391 Nigrán (Pontevedra)
☎ 986 365 558
E-mail: apacastronavas@yahoo.es

FUNDACIÓN MENELA

✉ Avda. Marqués de Alcedo, nº 19
36203 Vigo (Pontevedra)
☎ 986 423 433/902 502 508
☎ 986 484 228
E-mail: fundacion@menela.org
www.menela.org

FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA

✉ Rúa Camiño da Igrexa, nº 40-baixo
15009 A Coruña
☎/☎ 981 130 553
E-mail: autismocoruna@yahoo.es

APA MENELA

Asociación de Pais do Centro "Menela"
✉ Camiño da Veiguiña, nº 15 - Alcabre
36212 Vigo (Pontevedra)
☎ 986 240 703
E-mail: apamenela@terra.es

RAIOLAS - LUGO

Asociación de Pais de Persoas con Trastornos
Xeneralizados do Desenvolvemento
✉ Rúa Lamas de Prado, 75 - baixo
27003 Lugo
☎ 982 214 504
E-mail: raiolas-lugo@mundo-r.com